



## CCNN TEMA 7

A **enerxía mecánica** é a que posúen os corpos en movemento, os obxectos elásticos e os corpos que están nunha posición elevada.

A **enerxía química** é a que conteñen algunhas substancias, como os alimentos, as pilas ou os combustibles. Estes últimos libéranos cando se queiman.


A **enerxía eléctrica** é a proporcionada pola corrente eléctrica.

A luz posúe **enerxía luminosa** que permite ás plantas realizar a fotosíntese.

A **enerxía térmica** é a que se transfere dun corpo que está quente a outro máis frío.

A **enerxía nuclear** é a que posúen certas substancias pola súa propia natureza, como o uranio ou o plutonio.

Escribe cada tipo de enerxía debaixo da imaxe que mellor lle corresponda.



Escribe V (verdadero) ou F (falso) ao lado de cada frase.

Os corpos en movemento teñen enerxía mecánica.

A fotosíntese é posible grazas á enerxía térmica.

O carbón posúe enerxía química.

A calor pasa dos corpos máis fríos aos máis quentes.

Escribe no lugar que corresponde e na orde en que están:

sol – carbón – petróleo – vento – auga – gas natural

Fonte de enerxía renovable	Fonte de enerxía non renovable